



Curso Formación de Guías Locais do Concello de Burela

20 e 21 de maio de 2017

Resumo do curso

Este curso está organizado polo Concello de Burela con fondos da Unión Europea destinados aos Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro para dinamización e promoción local a través dos seus recursos naturais, tanto biolóxicos como xeolóxicos e patrimoniais.

Obxectivo do curso

Formación de guías locais no ámbito xeolóxico, biolóxico e arqueolóxico para sensibilizar, poñer en valor e dar a coñecer o patrimonio natural e cultural da zona de Burela.

A quen vai dirixido?

Vai dirixido a todas as persoas con inquiredanzas sobre a natureza, o patrimonio, o turismo, a riqueza biolóxica e/ou xeolóxica; que queiran seguir aprendendo e formándose, e teñan interese en traballar como guías locais.

Sistema de baremación

4 Puntos: Estar en posesión doutros cursos de educación ambiental, guías-intérpretes do entorno natural, etc.

3 Puntos: Estar desempregado/a.

2 Puntos: Persoas con licenciatura ou grao en Turismo, Bioloxía, Xeografía, Xeoloxía, Ciencias Ambientais e Ciencias do mar; ou que traballen en postos relacionados con estas áreas aínda que non teñan a titulación correspondente.

1 Punto: Estar empadroadado/a no Concello de Burela.

No caso de non cubrirse tódalas prazas cos requisistos arriba indicados, poderán inscribirse as persoas interesadas no ámbito do curso. En caso de empate na puntuación, darase prioridade ás persoas empadroadas en Burela.

Duración

16 horas divididas nunha parte teórica (sábado 20 de maio) e outra parte práctica (domingo 21 de maio).

Sábado 20 de maio en horario de 9:00 a 14:00 h. e de 15:30 a 19:30 h.

Domingo 21 de maio en horario de 10:00 a 14:00 h. e de 15:00 a 19:00 h.



Prazas

Haberá un total de 20 prazas.

Inscricións

As inscricións terán lugar na Oficina de Medio Ambiente do Concello de Burela, sita na Praza da Mariña (antigo edificio de Capitanía Marítima) ou ven mediante correo electrónico gaia@burela.org, do 1 ao 16 de maio.

Haberá que adxuntar fotocopia de todos os aspectos baremables.

Lugar de celebración

A parte teórica do curso terá lugar na Casa da Xuventude de Burela, sita en Rúa da Igrexa S/N. A parte práctica será en distintos lugares de interese de Burela.

Contidos

- Nocións básicas sobre xeoloxía.
- Aspectos xerais da xeoloxía da Península Ibérica e Galicia.
- Xeoloxía de Burela e a súa contorna.
- Patrimonio xeolóxico de Burela. Puntos de interese xeolóxico máis salientables e as súas características.
- Aspectos xerais do ecosistema mariño de Burela.
- Introducción á flora mariña (dende as algas ata as plantas superiores que se poden atopar no litoral).
- Introducción á fauna mariña (dende os habitantes invertebrados do intermareal ata as aves mariñas).
- Problemática ambiental asociada ás especies invasoras, contaminación mariña, etc.
- Visión xeral dos lugares arqueolóxicos da Mariña.
- A pegada arqueolóxica que deixaron os diferentes asentamentos humanos ao longo da historia na zona de Burela:
 - o Época castrexa (castros e mámoas)
 - o Época romana
 - o Época medieval
- Historia de Burela.
- Datos xerais sobre Burela: límites xeográficos, clima, demografía...
- Gastronomía.
- Festas en Burela.



- Que visitar en Burela: Barco Museo, porto, Monte Castelo, Igrexa da Vila do Medio...
- Praias.
- Ocio e deporte.

Poñentes

- J. Francisco Canosa Martínez

Licenciado en Xeoloxía pola Universidade de Salamanca e Doutor en Xeoloxía pola Universidade de Oviedo.

-Laura Carquijero López

Licenciada en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Máster en Biodiversidade en Áreas Tropicais e a súa Conservación pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

-Manuel Miranda Ruiz

Ceramista, experto en reproducións arqueolóxicas. Asociación Mariña Patrimonio.

-Begoña Romo Conde

Monitora de educación ambiental e tempo libre no Concello de Burela.